

A PREVENCIÓN de Riscos Laborais en Imaxe e Son...



...é cousa de todos.

Medidas preventivas

Caída de persoas
ao mesmo nivel

Non deixes cables levantados. Canaliza todo o cablaxe e sinálao con cinta visíbel nas zonas de paso.

Exposición
a ruído

Leva protectores auditivos contigo e úsaos se é preciso.

Caída de obxectos
en manipulación

Emprega as bolsas ou maletas deseñadas para reducir o peso no transporte de cámaras, trípodes, equipos de son e iluminación etc. e colócaos de maneira estable mentres os uses para evitar caídas ou desprazamentos.

Traballo
de pé

Cando traballes de pé, non permanezas demasiado tempo na mesma posición, cambia de postura. Realiza movementos suaves de estirada dos músculos durante os descansos.